

APUNTAMENTOS PARA EMPRENDEDORES

SUBVENCIONES Á CREACIÓN DE PEMES

A Consellería de Economía e Industria prefinanciará aos novos emprendedores que impulsen investimentos de ata un millón e medio de euros con anticipos sen aval de ata o 50% da anualidade da axuda. Farao a través do Igape, que lanzou no marco do plan re-Emprende, dotado con tres millóns, as súas axudas a proxectos de creación de pequenas e medianas empresas ou de realización de investimentos en pemes novas promovidas por mozos emprendedores, cofinanciadas ao 70% co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional. Poden consultarse as bases reguladoras no DOG do 8 de abril.

Serán gastos subvencionables os investimentos en obra civil para construción, reforma ou rehabilitación de instalacións e en bens de equipamento, como maquinaria de proceso, equipamentos informáticos, utensilios, mobiliario, vehículos especiais, medios de protección do medio ambiente, etc.

Tamén se cubrirán outros investimentos en activos fixos mobiliarios, como en inmovilizado inmaterial (aplicacións informáticas, gastos de investigación e desenvolvemento e propiedade industrial e intelectual); gastos de establecemento e aprovisionamentos de auga, enerxía e calefacción; gastos de aluguer de bens inmoables; e gastos do informe de auditoría, se é necesario.

As axudas están dirixidas a pemes que vaian exercer a súa actividade en Galicia e que cumpran estas condicións: que o seu capital se atope maioritariamente participado pola suma das participacións de persoas físicas que non estean a acometer outras actividades económicas por conta propia e das achegas de entidades de capital risco e investidores persoais adscritos a unha rede como as de *business-angels*; que a participación no capital da empresa de persoas, físicas ou xurídicas, que si estean a desenvolver outras actividades económicas, non exceda conxuntamente do 40%; que, no caso de estar constituída a sociedade que propón o proxecto, tanto a súa data de constitución como a súa data de alta censual non teñan unha antigüidade superior a un ano no momento da solicitude de axuda; e achegar para o proxecto de investimento unha contribución financeira exenta de calquera tipo de apoio público de polo menos un 25% do seu importe, sexa mediante recursos propios ou mediante financiamento externo.

Outros requisitos son: presentar un custo subvencionable superior a 50.000 euros e inferior a 1.500.000, que se realizará no prazo de execución do proxecto que se estableza na resolución de concesión; ser viable técnica, económica e financieramente e respectuoso cos requirimentos ambientais; e que non comecen a súa actividade antes da presentación da solicitude de axuda. O prazo finaliza o 30 de novembro.